

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 27 DE ABRIL DE 2017

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dezanove horas do día vinte e sete de abril de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Con data 12 de abril de 2017, rexistrouse de entrada ao núm. 0/3172 un escrito presentado polos concelleiros que a continuación se relacionan: don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan M^a Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, todos eles integrantes do grupo municipal do PP, e dona M^a José García Hidalgo, concelleira do Grupo Mixto (C's).

No dito escrito, e ao abeiro do establecido no artigo 94 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, solicitan a convocatoria dun pleno extraordinario, iso motivado no comunicado oficial emitido dende o Concello de Cambre o 10 de abril de 2017, no que coa imaxe corporativa municipal e a nome do concelleiro de Deportes, don Brais Cubeiro Fernández, se ofrecía ao Real Club Celta de Vigo unha zona de adestramento municipal para acoller ao dito club, tendo presentado a súa dimisión o dito concelleiro, e sendo recoñecida a autoría material do comunicado polo concelleiro de Cultura, Deportes e Mobilidade, don Daniel Carballada Rodríguez e solicitan a inclusión na orde do día dos seguintes asuntos a tratar: Primeiro: Reprobación polo Pleno municipal da Corporación ao concelleiro de Cultura, Deportes e Mobilidade, o Sr. Daniel Carballada Rodríguez. Segundo: Comparecencia do alcalde de Cambre, o Sr. Óscar García Patiño, para dar as debidas explicacións aos solicitantes e ao resto da Corporación municipal sobre o dito comunicado. Terceiro: Petición formal de dimisións do alcalde e concelleiro responsable.

Con data 20 de abril o señor alcalde ditou a resolución núm. 630/2017, de convocatoria de pleno extraordinario.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Reprobación polo Pleno municipal ao concelleiro de Cultura, Deportes e Mobilidade, don Daniel Carballada Rodríguez

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, quen manifesta que este pleno extraordinario solicitado polo partido municipal Popular e Ciudadanos ten como obxectivo o esclarecer todos os feitos acaecidos a partir do día 10 de abril. O pasado día 10 de abril almorzábbase todo o país coa noticia nos medios de comunicación deportivos e non deportivos dunha mofa do

Concello de Cambre ao club de fútbol do Celta de Vigo ofrecéndolle mediante un comunicado oficial co membrete do concello e o nome do concelleiro de Deportes Brais Cubeiro o campo municipal da Balastreira, na parroquia de Cecebre, para o desenvolvemento dos seus partidos, entrenamentos, e, mesmo, lle ofrecía un pendello para exposición dos seus títulos e trofeos.

Durante os catro días seguintes, os medios fixéronse eco de todo un teatro.

Primeiro, coa dimisión do concelleiro de Deportes desvinculándose por completo do comunicado, cousa que lle honra.

Segundo, a asunción da autoría do comunicado por parte do concelleiro de Cultura o señor Carballada, suplantando a sinatura do seu compañeiro Brais Cubeiro.

Terceiro, unha Xunta de Goberno extraordinaria e urxente para reprobar o concelleiro de Cultura Daniel Carballada e manifestacións deste pedindo perdón.

Cuarto, rolda de prensa cos tres grupos do goberno reprobando o concelleiro e tratando de desculpar o feito como unha simple broma.

Quinto, retorno do concelleiro dimisionario ao equipo de goberno, etc., etc.

Continúa a dicir que todo un teatrillo grotesco ao que xa nos ten acostumado este goberno. Pero o grave do asunto é que o señor Carballada non soamente insultou un equipo de fútbol. Insultou o seu presidente, os seus seguidores, os seus socios; pero o que é peor, insultou un sentimento. Porque o fútbol non soamente é un deporte, senón que é un sentimento. E o señor Carballada coas súas manifestacións o que fai é incitar á violencia.

Manifesta que o señor Carballada suplantou o seu compañeiro de corporación, poñendo o nome deste nun escrito feito por el e iso, na terra del, como mínimo, é reproable. Di que o máis grave é que puxo o nome do Concello de Cambre en boca de todo o país cun asunto repugnante e está a representar a todos os veciños do municipio. Como se en Cambre non tivesemos máis asuntos importantes que tratar que rirnos e mofarnos do veciño. Isto está ben para charlas de taberna, manifestacións de taberna, pero non nun representante municipal.

Pregúntalle o concelleiro de Cultura se se preguntou que pensan as persoas doutras provincias. Porque algúns manteñen relacións con moitas outras provincias. Dille se se pregunta que pensan os veciños da parroquia de Cecebre. Porque hai que preguntárselo tamén, a que altura deixa os veciños da parroquia de Cecebre. Di que o señor Carballada refregou o nome de Cambre polo chan. Insultou o presidente do club Celta de Vigo, que por certo ten intereses en Cambre. Insultou os seguidores do Celta, insultou os veciños de Cambre, porque el representa a todos e fala en nome de todos, os veciños de Cecebre, a súa parroquia. Deixou en ridículo a toda a corporación deste concello. E que responsabilidades asumiu. Ningunha. Limitouse simplemente a pedir perdón. Cando a súa obriga é presentar a súa dimisión. Xa que o señor Carballada non dimite, el cre que é deber do señor alcalde cesalo no seu cargo. Non obstante, o que dimite sen ter participado no feito é o seu compañeiro de partido e concelleiro de Deportes, cousa que, como xa dixo, lle honra. Pero por que dimite o señor Cubeiro se non é o autor. El vaillo dicir. Cre que dimite por vergonza allea. Porque en catro meses que leva no goberno, está cheo de todas estas actuacións. Porque non é a primeira. E porque as cousas que ve neste goberno non as ve serias e el mesmo se avergonza.

Por todo isto, solicita á corporación a reprobación do concelleiro de Cultura, Deportes e Mobilidade.

Concedida a palabra a dona Maria Olga Santos López, voceira de ACdeC-SON, manifesta que a petición deste pleno extraordinario para esclarecer unha situación, dende o punto de vista do seu grupo, xa aclarada, lle parece de todo punto innecesaria.

Felicita a organización da alcaldía por telo celebrado na mesma sesión do pleno ordinario para que isto non lle custe diñeiro os veciños de Cambre. Aclara que, como teñen que cobrar as axudas de custo do pleno ordinario, para non facer un pleno extraordinario nun día calquera que tivese que pagarse a parte. Neste sentido, dende Asemblea Cidadá de Cambre celebra que se celebre a esta hora, valga a redundancia.

Continúa a dicir que é innecesaria, porque lle parece unha pantomima mediática de dous grupos, Partido Popular e Ciudadanos, que non teñen nin a máis mínima intención de buscar con este pleno un beneficio para os veciños de Cambre, senón un beneficio propio que supla a falta de traballo e de iniciativas que redunden na veciñanza.

Expón que está a pedir o pleno extraordinario o Partido Popular, que se caracteriza por ter na súa fronte, a persoa que acaba de falar o señor Rivas, un voceiro que foi alcalde deste concello que ten ás súas costas a imputación por malversación de capitales públicos, pola xestión dun festival que deixou unha débeda os nosos veciños de cento sesenta mil euros e que non fixo nin o máis mínimo xesto de pedir desculpas, xa non fala de dimitir, nin de dar explicacións, e de dimitir, nin de lonxe. Di que algo de responsabilidade debe ter cando se lle requiriu unha fianza de cento sesenta mil euros, que foi recorrida, que posteriormente foi incrementada a douscentos trece mil euros. Precintáronlle dous automóviles e embargóuselle unha nave. Tendo en conta, ademais, que hai un par de días que tiveron que declarar a concelleira Marta Vázquez, o exconcelleiro Felipe Andreu e o voceiro do Partido Popular Manuel Rivas perante o xuíz que está a realizar as dilixencias previas, se podería no segundo punto deste pleno extraordinario que é a petición de comparecencia necesaria do alcalde para dar explicacións que tamén dea explicacións o señor Rivas de como vai o seu proceso, xa que estamos a falar de dimitir.

Continúa a dicir que por este motivo, ademais, e lle van a permitir a expresión, lle fastidia este pleno e aínda máis que se solicite unha sesión extraordinaria porque o que debería de todo punto ter dimitido é o señor Rivas antes de pedir a dimisión de ninguén con tanta moralidade e enchendo tanto o peito. Manifesta que o outro grupo que solicita a petición deste pleno extraordinario é Ciudadanos Partido da Ciudadanía, dos que realmente ten pouco que dicir. É un grupo que practicamente non presenta iniciativas, que unicamente se dedica a intentar meter o pelame para saír nas fotografías do concello e que se vai arrimando o sol que máis lle quenta para poder facer rendible a súa desafortunada participación política. Como exemplo, hai hoxe enriba da mesa no seguinte pleno dúas iniciativas que tiveron que corrixir, confunden Deputación con Xunta, é dicir, onde non hai traballo hai que suplir con estas teatralizacións de asuntos ao que agora se vai tratar.

Expón que, unha vez dito isto, e con respecto do tema que ocupa, si considera necesaria a reprobación de Daniel Carballada, dita reprobación xa está feita. É dicir, o alcalde reprobou a Daniel Carballada. Daniel Carballada pediu desculpas e aceptou a reprobación, ata onde ela sabe. Que a corrixa, se se equivoca.

A metedura de pata do señor Carballada foi monumental. Isto é absolutamente indiscutible. Non debeu escribir a carta no nome do concello e moito menos enviala. Aínda menos, facelo en nome doutro concelleiro e, por suposto, a posta a disposición do posto do concelleiro debería ter sido, en todo caso, a súa, e non a do señor Cubeiro. Non soamente iso, senón que o señor Cubeiro puxo o seu posto a disposición do alcalde ante un feito no que el pouco ou nada tivo que ver, e esa calidade política que amosou o señor Cubeiro está moi por riba da calidade política do Partido Popular ou de Ciudadanos,

que unicamente buscan feitos mediáticos para ganar votos e aparecer na prensa.

Deixando claro dende Asemblea Cidadá de Cambre que a súa opinión é que a carta é inapropiada e desafortunada, en descargo dela, tamén quere dicir que calquera que lera a carta pode ver un texto sen malicias, sen afán, entende ela, de poñer a mal o Concello de Cambre con ningunha institución. Nesta carta, ela díxoo o alcalde outro día, lle desmentirá se non é certo, que ela esa carta sen que tivese sinatura, é dicir, se ela ve simplemente ve o texto, non lle fai falta saber que non está escrita polo señor Cubeiro, esa é a tinta de Daniel Carballada, todos sabemos como fala, como se expresa, é Daniel Carballada. É dicir, a carta é unha carta chusqueira, insiste, sempre partindo de que lle parece desafortunada, pero entende, que a intención e, cre que entenden moitos, de Daniel Carballada non era abrir unha fronte nin contra o Celta de Vigo, nin contra Lendoiro, nin contra os celtarras.

Continúa a dicir que se fixen que se é así, que nin se enfadou o presidente do Celta de Vigo, que aceptou as desculpas, nin tampouco o fixeron os celtarras que contestan nunha carta escrita exactamente nos mesmos termos dicindo que si, a carta sería tamén digna de ler neste pleno, porque tamén é graciosa.

Que ocorre. Que chega a dereita, a dereita de rancio avoengo da nobreza baturra, como se acostuma a dicir, personificada no Partido Popular e Ciudadanos, e poñen o grito no ceo, e solicitan que corten cabezas e que dimita todo dios. Di que detrás disto, hai moito máis. Di que actualmente e isto se escapa un pouco do tema, pero cre que tamén é importante dicilo, calquera que faga un chiste, algún tipo de carallada con algunha institución é susceptible de entrar no caldeiro porque se está creando un entramado tamén contra a liberdade de expresión absolutamente perigoso.

O señor alcalde pídelle que vaia rematando a súa intervención.

Dona Maria Olga Santos López expón que hai uns días, como lembrarán todos, tivo que declarar Sande, concelleiro da Coruña, por un cartel de entroido que mostraba o papa un pouquiño bébedo e se admite a trámite unha denuncia por dicir que a cruz do Valle dos Caidos é unha “merda”, condean a un ano de cadea e un ano de inhabilitación para sufraxio pasivo e sete de inhabilitación a unha rapaza que fai chistes dun colaborador dun rexime fascista, pero polo Yak 42, non hai reponsables, polo Alvia tampouco e polo Brincadeira tampouco hai responsables.

Continua dicindo que estes concelleiros que están aquí non se van prestar a esta pantomima, reprobán a actuación do señor Carballada, por suposto que a reprobán, pero tamén reprobán que dita petición a encabece a persoa que máis desculpas ten que pedir a este concello e aos seus veciños.

Manifesta que non van votar neste punto, que se entenda como se queira entender, nin votan a prol, nin en contra, nin se van abster porque lles parece unha auténtica pantomima e non queren participar deste circo mediático.

Non quere deixar tamén, e agora xa remata, esta oportunidade para recoñecer as dotes interpretativas da concelleira de Ciudadanos nun vídeo que lles envía aos vigueses pedindo desculpas por este pequeno incidente, como o denomina ela, para ser un pequeno incidente vostede tamén pide a dimisión de alcalde e concelleiro. De verdade que non dá unha no cravo.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu nome e dende o seu grupo traslada as súas desculpas públicas por unha acción total e absolutamente desafortunada e que nunca se debeu producir en ningún modo.

Dende o minuto cero asumiu a autoría dun comunicado que como relataba de maneira un tanto

cervantiana na súa intervención a compañeira Olga Santos, efectivamente do seu puño e letra de xeito e maneira total e absolutamente indubidosa e indubidable, así o asumiu dende que veu no minuto cero que tiña a repercusión que tiña, quere dicilo publicamente e explicalo por enésima vez, porque non lle doen prendas en facelo, que en ningún momento houbo a máis remota intención de falsificar absolutamente nada.

Continúa a dicir que teñen dous modelos tipo, na súa concellería, unha vinculada a Cultura e outra vinculada a Deportes, onde aparecen xunto cos carimbos oficiais do Concello de Cambre a nomenclatura do concelleiro correspondente e do teléfono propio do departamento de cada área. Por un erro, porque a última que se mandara fora xustamente con ese modelo esa nota foi asinada por Brais Cubeiro. E di mal, porque non foi asinada. Foi enviada co seu nome, non hai en ningún momento unha sinatura, nin firma hológrafa que tal pretenda testemuñar, porque insiste, sería de todo punto absurdo e el por agora por aí, de momento, non vai. Tivo e asume en primeira persoa de singular unha idea total e absolutamente desafortunada, unha nota que nunca se debeu producir e que trouxo unha serie de consecuencias non positivas para o goberno do que forma parte e para o concello que se digna a representar. E di que se digna con todos os esforzos e moitas veces con moitos erros pero coa moral e a conciencia moi tranquila, porque considera que meteu a pata, pero considera que hai outros que meteron a man.

A seguir, o alcalde interrómpeo e manifesta que non se vai permitir ningunha intervención máis. Nin unha. Nin unha intervención máis. Non poden intervir dende o público. A próxima intervención solicitará aos gardas que os acompañen á porta e que os expulsen. Roga que por favor garden silencio.

Don Daniel Carballada Rodríguez conclúe dando as grazas, a cercanía e o apoio mostrado por numerosos veciños e veciñas do concello, polo seu partido e, especialmente, polo seu compañeiro e amigo Brais Cubeiro, polo conxunto de membros do goberno, comezando polo propio señor alcalde Óscar García Patiño, e moi especialmente, sabendo que entra incluso dentro da lóxica política pois un episodio como o que estamos a vivir hoxe, que a oposición pida o que considere, con independencia da súa situación xudicial, que non deixa de provocarlle certo sarcasmo.

Agradece publicamente o posicionamento da Asemblea Cidadá pola democracia en Cambre (ACdC), en especial dos seus dous concelleiros Olga Santos e Antonio Bruquetas, porque tendo, como na política, moitísima marxe, moitísimos puntos, moitísimos dalgunha maneira recunchos ou espazo para ter unha posición pública noutro sentido facendo valer o seu posicionamento político determinado ao seu modo de ver tiveron un posicionamento que os honra e que humildemente nun día como hoxe non pode máis nada que agradecer.

Reitera as súas desculpas públicas por unha acción desafortunada e sinte moito ter metido a zoca e máis en nome do Concello de Cambre. Reitera que prefire meter a pata a meter a man como fixeron outros.

Pide a palabra don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP de Cambre, para pedirlle ao representante do BNG que retire as palabras nun asunto que está sub iúdice e se está a verter outra vez máis sen que o señor alcalde exerza como alcalde. Estase a insultar ao seu grupo municipal e ao seu voceiro.

Solicita que retire as manifestacións que, ademais, non o dixo unha vez senón que as reitera dúas veces, como acostuma outras tantas veces. Cre que nun asunto que está sub iúdice, entre outras cousas, existe o dereito fundamental e constitucional á presunción de inocencia. Solicita que por favor se retiren esas manifestacións da acta e, á vez, que o alcalde actúe como tal e pida que se retiren.

Toma a palabra o señor alcalde e manifesta que igual non lle gusta ao señor Abalo como exerce como

alcalde e di que exerce o seu cargo como boamente sabe. Supón que o señor Abalo se refire ás palabras que fan referencia a meter a man, matiza que en ningún momento se dixo que meteu a man o Partido Popular de Cambre en Cambre.

O señor alcalde interrompe a súa intervención para chamar a orde do público.

Manifesta que ao señor Abalo lle gustará máis ou menos o que se diga aquí, estará máis ou menos de acordo, pero o que non poden é intervir dende aí. Volve a repetilo. Non teñen a palabra. Di que se queren montar un circo unha vez máis, non o vai a permitir. Pide respecto.

Pídelle ao señor Daniel Carballada que retire a expresión de meter a man, aínda que considera que non dixo que fora o Partido Popular o que metera a man, pero se se trata de retirar meter a man na caixa, solicítallo.

Concedida a palabra a Daniel Carballada, explica que se o Partido Popular de Cambre se considera aludido pola expresión meter a man, di que por suposto a retira, porque eles saberán porque se dan por aludidos.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, manifesta que lles choca o que se dean por aludidos, cando menos a el como voceiro do grupo municipal. Cuestiona de quen se está a falar, Andalucía, Xapón, de onde falan. O señor Carballada ten o costume de tirar a pedra e agachar a man, como xa nos ten acostumados.

Pídelle á señora Olga Santos que retire o de imputado. De momento a él ninguén o imputou. El está sendo investigado, que non é igual, ninguén o imputou. As investigacións, porque eles quixeron, chegarán ao seu fin, ao mellor o imputan e lle abren xuízo, non o discute, pero de momento non está imputado. Así que lle solicita que o retire, e se ela quere explicacións despois dos plenos que tiveron na lexislatura pasada polos temas Brincadeira, dille que o volva pedir. El non ten ningún inconveniente en darlle as explicacións pertinentes, pero como eles quixeron metelo no xulgado, deixen traballar á xustiza.

Continúa a dicir que o que el sabe e a xente que o coñece, é pola súa traxectoria profesional e pola súa honradez, e iso de que meteu a man na caixa está por ver. Non vai discutir que se puidera cometer un erro administrativo, pero o de meter a man na caixa non. Di que non llo vai a consentir a ninguén, nin ao señor Carballada tampouco. Reitera a petición de retirada da imputación e da metedura de man na caixa.

Quere dicirlle ao señor Carballada que lle acepta as desculpas, como non as vai aceptar, naturalmente, todo o mundo mete a pata e ten dereito a meter a pata. Di que solicitaron a celebración do pleno extraordinario porque o grupo de goberno resolveuno nunha xunta de goberno. Noutros concellos reúnen ao pleno, aínda que sexa a porta pechada, e dan coñecemento da situación. Dille ao señor Carballada que non é a primeira vez que lle acusa de meter a man, pero o señor Carballada xa foi condenado. Pasou por un xuízo e foi condenado. É máis, pregunta por que. Por atentar contra o patrimonio do concello. Pero o continúa a facer. O BNG de Cambre entra no goberno municipal para facer máis por quen menos ten. Iso é a súa publicidade. Non obstante, arrastra o nome de Cambre, non soamente por España, senón tamén por México, por Arxentina, porque se publicou tamén en periódicos de México e Arxentina. Parécelle normal que o nome do Concello de Cambre estea en boca de toda España, que se publique en todos os periódicos deportivos e non deportivos de toda España por unha broma. Di que o señor Carballada representa a todos os veciños de Cambre. Di que lle acepta as desculpas, como non vai a aceptalas. El as recoñece e el as acepta, pero non por iso vai a deixar de reproballo. Di que é o seu deber o facelo como concelleiro deste concello así como defender o nome de

Cambre por encima de todo.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de Unión por Cambre, di que de xeito moi breve, dende logo non pode interpretar as palabras de Daniel Carballada como as interpreta o grupo Popular, sintíndoo moito. El o que entende que di o señor Carballada é que non é igual ter un erro deste tipo que meter a man, isto é o que el entende. Non sabe porque se dan por aludidos. Cre que o que está a dicir Daniel Carballada é que non é igual cometer un erro en facer un chiste, facer unha broma, facer unha parodia dunha cuestión, que non se debe facer e é reprobable, a meter a man. Isto é o que está a dicir. Non sabe porque o partido Popular singularmente se fan partícipes disto. Dille ao señor Rivas que está a dicir de que estamos a falar, e dío con esa enerxía tan feroz, que estamos a falar, estamos a falar do mundo, estamos a falar de Cambre e a seguinte cuestión formula que isto se publicou en México. Estamos a falar dun asunto que é en México, aquí ou onde sexa. Estamos a falar de todo isto. Mesmo o señor Rivas é o que está poñendo todo isto no plano internacional. Polo tanto, di que as palabras do señor Carballada son moi claras. Non é igual cometer un erro que meter a man. Así é como o hai que interpretar e o demais é desviar a atención e poñer maldade nalgún xesto e nalgunhas palabras que non a teñen.

Concedida a palabra a dona Maria Olga Santos López, voceira de ACdeC-SON, dille ao señor Rivas que non vai a retirar nada. Dille que tome as medidas que teña que tomar. Explícalle porque non vai a retirar nada. Porque iso é o costume que teñen dende o partido Popular. Quen cambiou o termo imputado por investigado. O partido Popular. Na reforma da Lei de axuízamento criminal é onde cambian imputado por investigado, porque tiñan tantos imputados que tiñan que dimitir despois de prometer ao electorado que dimitirían se algunha vez estaban imputados que decidiron deixar de estar imputados para estar investigados. De modo que o señor Rivas a día de hoxe investigado, despois da reforma da Lei de axuízamento criminal anteriormente se denominaría imputado, senón se reformara por eles mesmos a Lei de axuízamento criminal. Entón, di que a ela este falso orgullo de retirar, non. Non o retira. Non o retira porque non ten motivo para facelo e di que se expón ao que se teña que expoñer. Di que conste en acta o que remata de dicir, con toda a seguridade do que fala.

Continúa a dicir que o señor Rivas di que se quere explicacións que llas pida que xa llas dará. Dille que explicacións se pediron neste pleno na súa lexislatura. Lémbrralle un pleno que solicitaran dende varios grupos Esquerda Unida, PSOE, Unión por Cambre, solicitando explicacións e facendo preguntas sobre o festival Brincadeira, cando aínda non se publicara todo isto, co convenio na man, cun convenio que, de verdade, había que repartilo antes de iniciar este pleno para que se lera o grao de incompetencia co que se redactou ese convenio. Lembra ese pleno onde o señor Rivas non permitiu á oposición que fixera ningún tipo de réplica e contrarréplica, se contestou a todas as preguntas de xeito ao Raxoi, todas seguidas e non se deu ningún tipo de explicación os veciños de Cambre, e o partido Popular agora está moi ofendido pola forma de levar agora os plenos. Agora estase na situación que se está. É dicir, o señor Daniel Carballada dixo o que dixo e retirou o que retirou, pero ela o que dixo foi moi claro. O señor Rivas ten actuacións sobre os seus bens e ela non as ten. Algunha diferenza hai entre o señor Rivas e o resto de concelleiros.

Concedida a palabra a dona Maria José Garcia Hidalgo, voceira de Ciudadanos, manifesta que aquí non se está soamente por unha broma de mal gusto. Están a pedir a reprobación do señor Carballada, porque este é un máis dos actos intolerables por parte do señor Carballada. Isto é repetitivo.

O concelleiro de Cultura primeiro magoa e despois pide desculpas. Esa é a táctica habitual do señor Carballada, burlarse constantemente das persoas, das entidades e dos membros desta corporación, sen importarlle o máis mínimo utilizar o nome do Concello de Cambre. Di que esta vez aínda é máis grave ao usurpar o nome doutro concelleiro que ademais e, iso si que é vergonzoso, se trata do seu propio compañeiro de partido. Di que ademais da carta, ademais da burla, ademais de facelo en nome

do Concello de Cambre, ademais de usurpar o nome doutro concelleiro, o peor de todo, o máis demoledor, e a lectura que queda ao final do perfil deste concelleiro.

Manifesta que as corenta e oito horas que pasaron dende que don Brais Cubeiro anuncia a súa dimisión e despois rectifica o señor Carballada continuara aí aparafusado á cadeira sendo el o verdadeiro culpable e non dimitira, deixar que unha persoa inocente poida arruinar a súa vida política pola súa culpa e non ser o señor Carballada quen dimita, di que amosa bastante ruindade política. Di que a unha se lle pon un suor frío na noca, é algo difícil de dixerir. Di se alguén se imaxina que no seu posto de traballo un encargado falsificara un documento no seu nome e que o inocente dimitira e o autor do feito quedara aí tan ancho, sen dimitir.

Continúa a dicir que esas corenta e oito horas foron unha mostra de covardía. Despois o señor Brais Cubeiro rectificou e volveu atrás a súa dimisión. Dille ao señor Carballada que ela cre que esas corenta e oito horas foron demoledoras. A el que tanto lle gusta faltar nos plenos á xente cando el emprega a palabra cacicada; de verdade, agora si pode falar con coñecemento de causa, porque alguén que valéndose da súa influencia política intervén abusivamente na política dunha comunidade e fai estas cousas. A definición el bordouna de marabilla. Dille ao señor Carballada que terá que ter máis coidado coas súas palabras.

Continúa a dicir que o seu grupo solicita a reprobación do concelleiro señor Carballada porque considera que os feitos o requiren.

O señor alcalde manifesta que pola súa parte xa o día 11 fixeron a Xunta de Goberno Local e reprobaron a actuación que tivo don Daniel Carballada e hoxe, por suposto, a reproba unha vez máis e votará a prol desa reprobación.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo).

Dona Maria Olga Santos López, voceira de ACdC, manifesta que o seu grupo non vai a votar, nin a prol, nin en contra nin abstención.

Tampouco votou o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

A Corporación, por dezaioito votos a prol, acordou reprobar ao concelleiro de Cultura, Deportes e Mobilidade, don Daniel Carballada Rodríguez.

2. Comparecencia do alcalde de Cambre, don Óscar García Patiño, para dar as debidas explicacións aos solicitantes e ao resto da Corporación municipal sobre o dito comunicado

O señor alcalde expón que explicará o que se fixo nas datas nas que ocorreu este incidente.

Manifesta que o día 10 de abril envían unha nota á prensa e ao gabinete de comunicación do concello.

Unha vez que lle chega a nota di que se pon en contacto con don Daniel Carballada, quen se dá conta

no momento do erro cometido e pide desculpas. Don Daniel Carballada chámalo aos cinco minutos para reiterarlle as súas desculpas. Expón que se deu conta perfectamente do que estaba a pasar.

Continúa a dicir que o señor alcalde ponse en contacto con don Carlos Mouriño, presidente do Celta de Vigo, para expresarlle as súas desculpas pola nota. Coméntalle que non ten importancia e que entendía que era unha broma e que se estaba a sobredimensionar o asunto.

Tamén se pon en contacto coa alcaldía de Vigo, concretamente co xefe de gabinete don José Carlos Baños a quen lle expresa o seu desexo de contactar persoalmente co alcalde de Vigo don Abel Caballero e di que lle comenta que entende que é unha broma e que lle comunicará o aviso.

Recibe a dimisión de don Brais Cubeiro como concelleiro de Deportes. Di que contacta con don Brais Cubeiro e lle pide que reconsidere a súa postura e que non dimita. Considera que está a facer un bo traballo e que non ten nada polo que tomar esa decisión. Este contacto que mantivo con don Brais Cubeiro e, é unha contestación á concelleira de Ciudadanos, estivo acompañado nese momento tamén por don Daniel Carballada, non é que pasaran corenta e oito horas sen saber absolutamente nada, senón que tanto don Daniel Carballada como el falaron dende o día 10 con don Brais Cubeiro.

Continua a dicir que envía un comunicado oficial á prensa pedindo desculpas. O día 11 de abril ten lugar unha Xunta de Goberno Local.

Dille ao señor Rivas que os martes teñen lugar as Xuntas de Goberno Local, non era unha xunta de goberno local urxente, senón que era unha xunta de goberno local ordinaria, ás 08:15 horas, os martes como as teñen sempre. Dille ao señor Rivas que o di para corrixir a súa exposición.

Despois de escoitar a don Daniel Carballada, a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos que le textualmente a seguir:

“**Primeiro:** Aceptar as desculpas de don Daniel Carballada Rodríguez polo seu proceder en relación coa nota que saíu da súa concellería en nome de don Brais Cubeiro Fernández e, polo tanto, en nome do equipo de goberno, que afecta ao bo facer e á imaxe corporativa do Concello de Cambre.

Segundo: Reprobar, de forma expresa e contundente, a actuación de don Daniel Carballada Rodríguez en relación coa polémica suscitada.

Terceiro: Dar conta ao Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do presente mes, das desculpas presentadas por don Daniel Carballada Rodríguez en relación co inapropiado do seu proceder, así como por calquera dano que, como consecuencia da súa actuación, se poida ter derivado para a imaxe da Corporación e municipio de Cambre.”

Expón que se efectúa unha rolda de prensa para dar a coñecer a posición do goberno municipal.

A través da sede electrónica o día 11, non foron corenta e oito horas; o día 11, foi vinte e catro horas despois, don Brais Cubeiro presenta a revogación da súa renuncia.

O día 12 de abril solicita mediante providencia á secretaria municipal un informe sobre os efectos da renuncia dun concelleiro e a posible revogación da citada renuncia.

Entrégaselle o informe no que se conclúe, que o Tribunal Constitucional vén a manter que a renuncia é, por así dicilo, automática, pero só cando se presenta ante o Pleno e devén, con esa presentación, “efectiva”. Ademais disto, o Tribunal Constitucional vén a concluír que a irrevocabilidade do escrito de

renuncia dende o momento da súa presentación sen posibilidade ningunha de incidencia de calquera outro escrito presentado polo propio recorrente revocando o anterior, con independencia de que o primeiro non tivera sido aínda presentado ante o pleno, implica unha restrición enteramente innecesaria e como tal ilexítima á efectividade do reiterado dereito fundamental. Artigo 23 da Constitución española, dereito de participación dos cidadáns en asuntos públicos.

Expón que dita unha nova resolución, na que resolve manter a delegación especial efectuada mediante Resolución da Alcaldía número 1841/2016, do 18 de novembro, relativa ao servizo de deportes incluído na área de Cultura, Deportes e Mobilidade a don Brais Cubeiro Fernández.

A continuación don Brais Cubeiro Fernández acepta a resolución.

Isto foi o que ocorreu. Di que se queren tamén lles le a rolda de prensa que mantivo conxuntamente, cales foron as súas declaracións.

Acabaron de ter unha Xunta de Goberno Local na que trataron esta polémica e que por unanimidade de todos os seus membros se acordou reprobado a actuación de don Daniel Carballada neste asunto.

Expón que como alcalde quere pedir desculpas ao Concello de Vigo, ao Celta de Vigo, aos seus afeccionados e, por suposto, aos veciños e ás veciñas de Cambre, as cales representa. Estes feitos teñen que facer pensar na responsabilidade dun representante político, máis se cabe dende un goberno.

Di que onte se puxo en contacto co presidente do Celta de Vigo don Carlos Mouriño, a quen lle pediu desculpas en nome do Concello de Cambre. Aceptou as desculpas e comentou que non facía falta. Entendía que era unha broma que se sobredimensionou. Mesmo lle invitou ao palco do Balaídos.

Tamén comunicou as súas desculpas ao Concello de Vigo a través do gabinete do seu alcalde.

Cre que se debe redimensionar os actos na súa xusta medida. Térase que ver onde se pon o listón para pedir un cesamento ou unha dimisión. Di que se por actos como este, unha broma de mal gusto, desafortunada e reprobable, ao ser dende unha institución, se pide unha dimisión dunha persoa que está a traballar ben na súa concellería, que está a facer un bo traballo e co cal o goberno mantén unha boa sintonía, di que se pregunta onde se pon o listón.

Cre, con sinceridade, que sendo a primeira vez que se comete un erro, con pedir desculpas a todos os que foron afectados, en especial, ao Celta de Vigo e a todos os seus afeccionados, así como a todos os veciños de Cambre, reprobando este tipo de actuación tal e como se fixo na Xunta de Goberno Local, e dando conta no vindeiro pleno, é suficiente para resolver este asunto.

Concedida a palabra a don Juan Maria Abalo Castex, concelleiro do Partido Popular, manifesta que o señor alcalde deu as explicacións e precisamente pola gravidade do asunto do que ocorreu se organizou todo este vodevil que acaba de relatar o señor alcalde. Di que isto vén a desmentir todo o que se está a dicir en contra da, por exemplo, da petición deste pleno extraordinario. Di que eles fixeron unha crise absolutamente gratuíta. O peor é que cada vez que adoptaban unha medida, era peor que a anterior. A gravidade do asunto acaba de dicila o señor alcalde. Decontado aparece o señor alcalde para tratar de desmentir isto, falando co presidente do Celta de Vigo, falando co Concello de Vigo, ou sexa, por que. Porque a metedura de pata foi tremenda. E foi unha metedura de pata institucional, non soamente dunha persoa, non se pode personificar tampouco en don Daniel Carballada, que tamén. Foi o señor alcalde quen acaba de ler todo ese enredo que se organizou durante cinco días e pode ler un dos xornais locais da Coruña, como La opinión, na que as notas de prensa que se ían publicando,

danlle vergonza como veciño de Cambre. Le La opinión do día 10, o Concello de Cambre oferta de broma un campo municipal ao Celta para o seu novo estadio. Isto foi o que publicou, notas de prensa en todos os xornais de entidade nacional El país, ABC, As, Marca, foran xenéricos ou foran especificamente de Deportes.

Continúa a dicir que o mesmo día, uns minutos máis tarde, o concelleiro de Deportes de Cambre dimite pola nota de mofa cara ao Celta. Se a situación non fora grave, por que minutos despois de aparecer esta nota de prensa, dimite o señor Brais Cubeiro.

É máis, nesa mesma nota de prensa don Brais Cubeiro nega ter escrito o comunicado de prensa enviado co seu nome no que, en broma, o Concello de Cambre ofrece un campo municipal, repite, o Concello de Cambre ofrece un campo municipal ao Celta. Non comparte o seu contido e pide desculpas ao club vigués.

Di que o día 11 o edil de Deportes de Cambre se desmarca da nota de mofa ao Celta e anuncia a súa dimisión. O tenente de alcalde de Cultura asume a autoría do comunicado que por erro enviou asinado, di que está a ler textualmente, polo concelleiro Brais Cubeiro ofrecendo un campo municipal ao club.

O día 10 tamén se enviara a nota de prensa Cambre pide desculpas pola nota de mofa ao Celta. O tenente de alcalde de Cultura Daniel Carballada asume a autoría.

La opinión do día 11, Cambre reproba ao edil da broma pesada ao Celta e o apoia para continuar no cargo. Carballada continuará como concelleiro por responsabilidade, repite por responsabilidade. Precisamente por responsabilidade debería ter dimitido, entende el. Di que o señor Carballada mesmamente recoñece, como di a nota de prensa, ter metido a pata, e menos, inculpando a un compañeiro, como dicía a compañeira desta corporación de Ciudadanos.

Día 12. Non souberon ver nin de lonxe a repercusión mediática. O edil de Cambre que con claro ton humorístico ofreceu o campo da Balastreira ao Celta insiste en asumir a súa responsabilidade e trasladar as súas desculpas. Pregúntase onde está a responsabilidade. Soamente en recoñecer a autoría, pero non puxo o seu cargo a disposición do señor alcalde, que el saiba. Ou sexa, hai un compañeiro en cuxo nome se envía esta nota de prensa de mofa que dimite, non sabe aínda moi ben porque. Algo debeu de acontecer co equipo de goberno, co seu compañeiro, para que dimitira. Probablemente, como dixo o voceiro do seu grupo, por vergonza allea. É o que pensa, asumir a responsabilidade, pregunta que responsabilidades asumiu. Única e exclusivamente a autoría.

Don Juan Maria Abalo Castex continúa a súa exposición. Día 12, o goberno reproba ao edil pola broma pesada ao Celta e apoia que continúe no cargo. Houbo unha nota de prensa e houbo unha rolda de prensa na que o señor alcalde xunto co número un do PSOE e o propio don Daniel Carballada consideran que isto é unha broma e que ten que continuar no cargo. Don Daniel Carballada admite que meteu a pata. O edil de Deportes don Brais Cubeiro sopesa seguir tras anunciar a súa dimisión por unha nota asinada ao seu nome que non escribiu. Está a falar de todo no mesmo periódico.

Día 12, o concelleiro de Deportes de Cambre retira o seu anuncio de dimisión e seguirá no cargo. Aquí parecer ser, como acaba de dicir o señor alcalde, que houbo unha xunta de goberno local en que todos os compañeiros dixeron que o traballo que se estaba a facer era fenomenal. Di que non sabe como é ese traballo, non ten porque dubidar do traballo fenomenal, pero si que é certo, que moi pouquiños meses leva no cargo, como para que sexa unha persoa indispensable para estar neste cargo. O goberno local rexeitou por unanimidade o luns a renuncia do edil. Di que aquí o que houbo foi un peche de filas cara ao compañeiro, debido ao escándalo que o que puido producirse externamente, se podía producir tamén internamente cunha crise de goberno.

Di que estiveron cinco días, do 10 ao 15, aparecendo nos medios de comunicación de toda España e como dixo tamén o seu voceiro, no estranxeiro tamén tivo repercusión.

Día 15, o concelleiro de Deportes decide dar marcha atrás e continuar no cargo despois de anunciar a súa dimisión. Ou sexa, se estivo durante cinco días coa orde, coa contraorde, dimito non dimito, isto foi un auténtico vodevil e, como di, gratuitamente. Creouse unha crise gratuíta. Isto o que amosa é a facultade que eles teñen de crear crises e non saber solucionarlas. Cre que, incluso, lles deberían estar agradecidos por ter solicitado este pleno extraordinario para poder darlles explicacións ao pobo do que aconteceu e dende logo que alguén asuma responsabilidades.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que xa ve que lle encanta ao Partido Popular gobernar sobre os periódicos. Di que os periódicos non son os que gobernan. Os periódicos están para outra cousa.

O señor alcalde interrompe a don Juan González para chamar a orde ao público.

Continúa don Juan González Leirós para expoñer que cre que o señor Carballada está no seu punto xusto, isto é, a reprobación. Non soamente pide perdón, senón que se reprobou unha actuación pola súa parte. Cre que o Celta de Vigo, que é o afectado, non puxo ningún inconveniente en aceptar a reprobación. Se pode entender se o Concello de Cambre é afectado ou non é afectado. En principio, o Concello de Cambre tampouco foi tan afectado, porque en tres días rematou a polémica. Están iniciando a polémica o Partido Popular. Isto é como el o ve. Cada un dá a súa opinión. O tema que eles incidan en dicir que constante e continuamente non lles dá a razón, sinxelamente, a razón é a que se adquire despois dunha polémica e dunha discusión.

Di que para el isto é unha pallasada, o formulamento do señor Carballada, a posición do Pleno. Di que vai explicar o que é unha pallasada para que non lle entendan mal nin lle interpreten mal. Pallasada é aquilo que fai José María Aznar cando vai xunto a Bush ao seu rancho e di están traballar nisto nun ton de vaqueiro americano; isto é unha pallasada; a ninguén se lle ocorre pedir a dimisión de José María Aznar, porque se entende que forma parte do tema. Pallasada é cando Mariano Rajoy comeza a liarse co alcalde e di que o alcalde é o alcalde, se o alcalde, o veciño, se o veciño, é o veciño. Isto é unha pallasada. Pero a ninguén se lle ocorre pedir a dimisión de Rajoy. Pallasada é cando di que un vaso é un vaso e un prato é un prato. Acabará dicindo, como no seu pobo, que un burro non é un cabalo. Efectivamente, un burro non é un cabalo. Pero iso é unha pallasada. Unha pallasada é cando a cerámica de Talavera non é cousa menor. Dito doutra forma, é cousa maior. É evidente. Non cre que o señor Mariano Rajoy sexa un inocente, un paxariño inocente, non o é; é un experto en política e sabe que as pallasadas de vez en cando son necesarias na política, porque iso desvía en situacións. Sábeo e é consciente. Di que os xerarcas das pallasadas sempre, evidentemente, foron Esperanza Aguirre, eles o saben ben, e Arias Cañete, que eran capaces de montarse dende un tractor a darlle unha patada a un balón, daba igual o que fora, que todo este escenario, todo este espectáculo, todo este teatrillo, non deixaban de ser pallasadas.

Expón que o mesmo don Manuel Rivas fixo pallasadas, cre que como todo o mundo, mesmo el seguro que fixo algunha tamén e imaxina que o alcalde tamén. Don Manuel Rivas fixo unha pallasada cando empregou unha páxina enteira dun xornal para anunciarnos que se quitara o bigote. Menudo resultado de composición política. Ou cando permitiu que a súa man dereita posara ás portas do xulgado para denunciar todavía non se sabe que en contra de Óscar García Patiño. Ou cando expresa a frase nun xornal que di que a moción que lle fixeron era un golpe de estado democrático, é evidente que un golpe de estado non pode ser xamais democrático, é imposible. Non di pallasadas no sentido despectivo. Os pallasos para el teñen gran valor, díno no sentido da comedia. Di que para el isto si é unha certa

pallasada nese sentido e cre que non hai que darlle maior valor e maior importancia. A vida continúa.

Maniféstalle á voceira de Ciudadanos que o seu grupo nun vídeo caseiro publica que neste caso entre os socios do Celta de Vigo, como xa lembrou dona Maria Olga Santos, cualifican este asunto de pequeno incidente. Define o asunto como pequeno incidente. Di que el persoalmente sempre a tivo como unha persoa seria, ás veces con falta de criterio, ás veces cun pouco de despiste, pero unha persoa seria. Pregúntalle que fai unha persoa seria como ela acompañando unha solicitude de pleno extraordinario para un asunto que cualifica ela mesma de pequeno incidente. Non a entende. Non sabe se é afán de protagonismo, di que non o cre; falta de criterio propio de partido, submisión ao partido co que disputa espazo político o simplemente falta de argumento. Di que non o sabe. Pero dille que se é falta de argumento, vaille expor varias cuestións polas que cre que ela debería pelexar. A primeira é a Vía Ártabra. Haberá que preguntar porque tres dos concelleiros aquí sentados como son dona Rocio Vila, don Juan Maria Abalo e dona María Jesús González Roel votaron a prol do trazado do concello no ano 2006 e agora no 2017 votan en contra sen dar explicacións. Pregúntase, non afirma, se lle haberá influenciado que don Manuel Rivas é un afectado polo trazado da Vía Ártabra. Ademais, cre que sería importante que isto que é unha cuestión vital para o concello de Cambre si se deran explicacións sobre este asunto e que explicaran porque fixeron este cambio de voto.

O señor alcalde interrómpeo para manifestar a don Juan González Leirós que remate a súa intervención.

Don Juan González Leirós manifesta que xa remata rapidamente. Referente ao campo de fútbol dos Pinares, como ela sabe, pediron explicacións respecto do campo de fútbol dos Pinares. Di que como é posible que a factura do proxecto de 2005 se rexistre o 17 de marzo de 2015 e o contrato se asine o día 24 de abril de 2015. Cre que antes de iniciar un traballo e de facturalo, o haberá que contratar. Insiste que por un feito menos grave que este, houbo un señor que se chama don Jesús Bao que lle deron caña en todo un pleno, merecedamente, pero lla deron; polo tanto, imaxina, que todos terán o mesmo trato.

Por último, di que non se vai a estender polo tema de Brincadeira porque xa o fixo a compañeira dona Maria Olga Santos e cre que extensivamente.

Di que, resumindo, admite que na política se formulen pallasadas pero lle dá o status que lle dá e as pon na posición que as pon. Un pleno non é o foro para discutir pallasadas. Un pleno ten que ter outra trascendencia e el expresou tres temas cos que deberíamos e poderíamos comezar a discutir á marxe doutros. Polo tanto, cre que isto non ten moito máis percorrido e se debe situar no seu contexto.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, voceira de Ciudadanos, maniféstalle ao señor alcalde que el pode consentir unha, dúas, tres, pero a súa misión é gobernar e velar por Cambre. Dille isto, porque o señor Patiño non pode estar constantemente vixiando as ocorrencias do señor Carballada e ter a todos co corazón nun puño. Pide que, cando menos, lle garanta que todas as mensaxes, e-mail que envíe no nome do Concello de Cambre a concellería de Cultura que pasen un filtro e a alcaldía os supervisará, posto que este concelleiro saiulle, di, tan hiperactivo, como se di nos colexios, cando menos que o señor alcalde poida vixiar isto.

Continúa a dicir que, aínda que o señor alcalde poida vixiar isto, o seu tempo vale moito diñeiro para que o señor alcalde teña que empregalo en vixiar as “bromitas ferintes” deste señor. Dille que ese día o señor alcalde estivo toda unha tarde e isto levoulles uns cantos días e considera que foi moito tempo. Dille ao señor alcalde que ao protexer ao concelleiro o que está a facer é deixar a porta aberta a que isto se repita.

Entende que necesita ao señor Carballada para poder seguir cun goberno que non estea en minoría, pero ten que entender que pode optar por tragar sapos, pero non ten porque facelo tragar a todos.

Polo que dixo o señor Leirós, de verdade, que lle chama moito a atención, sobre todo, o da Vía Ártabra.

Referente ao que dixo o señor Leirós do vídeo de facebook, de pequeno incidente. Di que si. O que non se pode facer é botarlle leña ao lume. Loxicamente, pensando que o mellor era non darlle unha publicidade negativa, a publicidade a hai que facer aquí, dícila a eles á cara; é mellor pedir un pleno extraordinario e aquí á cara dicirlles que o fixeron mal, moi mal. Pero loxicamente nun vídeo en redes sociais, un ten que intentar calmar as augas. E ela non ten porque defender ao señor Carballada nun vídeo en redes sociais, pero di que se sente responsable como membro desta corporación para non incendiar as redes sociais nin faltarlle a ningúen ao respecto a través delas, por isto o intentou calmar.

Polo que respecta ao que dixo o señor Leirós da Vía Ártabra, dille que a deixa moi sorprendida, porque ela di que votou sempre a prol da proposta do goberno. Non sabe onde atopou o señor Leirós que ela votara en contra nin que se posicionara en contra. Todo o contrario, fixo unha exposición, lémbrao perfectamente, que lle parecía moito máis lóxica e un traballo moi ben feito o que fixera o goberno de Cambre que non o trazado que propoñía a Xunta de Galicia. De verdade, o da Vía Ártabra, dille ao señor Leirós que ten razón en moitas cousas, pero isto, lle gustaría que algún día llo explicara.

Dille ao señor Leirós que debe de saber e o sabe bastante ben, porque no pouco tempo que a coñece, a viu nos plenos, cando Ciudadanos vota algo sempre pensa en Cambre. Unhas veces vota a prol, outras veces en contra, pero sempre, sempre, pensando que é o mellor para Cambre, e lle dá exactamente igual que a proposta sexa de Unión por Cambre, do PSOE, ata mesmo de ACdeC, con toda a verborrea e todo o que a insulta; ata cando o presenta, se é bo, o vota a prol. Cre que neste aspecto, con Ciudadanos non pode ter queixas. Que se pode equivocar. Claro que si. Acaba de chegar, leva aquí catro días e non é política profesional. Eles teñen unha experiencia política detrás que o seu grupo non ten. Á parte, o seu grupo é oposición. Ten que loitar dende o bosque, eles están detrás do castelo e teñen moitísima máis información que ela. Son cinco concelleiros. Ciudadanos no concello ten un concelleiro. Teñen todas as de ganar e unha experiencia política detrás moi forte. Todo o que está a facer Ciudadanos o fai pensando que o fai polo ben de Cambre. Que se equivoca. Ata pode ser que se equivoque, claro que si, e se equivocará e cometerá máis equivocacións posiblemente, pero que non lle caiba dúbida, e o señor Leirós o sabe ben, que sempre, repite, sempre, tomou as decisións pensando en Cambre, nada máis.

Dille ao señor alcalde que non debería pensar en si mesmo. Debería ser consciente de que o señor Carballada non pode facer o que queira no concello, non pode ter ao señor alcalde atado de pés e mans porque o necesite, porque isto era unha broma, pero outro día será outra cousa e así continuaremos. Dille que é o goberno, e non ter porque tragar e tragar; máis que nada porque lle afecta a todos.

Pregúntalle ao señor Leirós cal sería a súa actitude se en vez de ser o señor Carballada quen fixera esa broma co membrete de Cambre o fixera un concelleiro do Partido Popular. Simplemente, o di para que recapacite. Polo tanto, non cre que se merezca ese maltrato político. Cre que o señor Carballada repetitivamente, é unha situación detrás doutra. Se fora simplemente por ese feito concreto, non pediría este pleno, como dixo o señor Leirós. Pídeo porque a situación se reitera no tempo.

O señor alcalde solicita a dona María José García Hidalgo que vaia rematando a súa intervención.

Dona María José García Hidalgo conclúe a súa intervención.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, manifesta, por alusións,

que ao señor Leirós lle fastidia moito que o público, incluso o resto de concelleiros, se ría, se sonría, faga acenos; pero di que el non se ve cando fala o Partido Popular ou a concelleira de Ciudadanos. Non se ve a cara.

A seguir, realizanse aplausos e o señor alcalde chama a orde.

Don Manuel Rivas vaille dicir máis ao señor Leirós, comezou o seu discurso dicindo que ao partido Popular lle encantan os periódicos. Pregúntalle que nestes cinco días, en que saiu o partido Popular nos periódicos. Aquí están os periodistas. O seu grupo non se dirixiu para nada aos periódicos. E o señor Leiros o dixo, os periódicos están para o que están. El creía que debía solicitar un pleno extraordinario para pedir explicacións e así o fixo. Pero non foi á prensa para nada. Repite, o partido Popular non foi á prensa para nada. Polo tanto, non lle encanta os periódicos. Non sabe a que vén a alusión do señor Leirós, que el contrate unha páxina nun xornal porque se afeitou o bigote. Pero desde cando, señor Leirós. Se se afeita o bigote, e a prensa o quere publicar, vale; pero el non chama á prensa dicindo que se vai afeitar o bigote, que lle fagan unha fotografía.

Continúa a dicir que o señor Leirós tiña razón, que as mentiras por repetilas máis veces non se converten en verdade. É certo que non se converten en verdade. Pero é que o señor Leirós di medias verdades; non di as verdades enteiras, di medias verdades, que é o mesmo que mentir.

E neste pleno día, cando di que vai explicar a palabra pallasada. Pero isto é unha pallasada. Don Manuel Rivas di que os pallasos están no circo. Aquí estase nun pleno municipal con concelleiros, polo tanto, o señor Leirós chamou pallasos a todos eles. Así de claro. El sabe o que é unha pallasada e todo o público aquí presente sabe o que é unha pallasada. Dille ao señor Leirós que isto non é ningunha pallasada. Isto é pedir explicacións de algo que aconteceu e que ensucia o nome de Cambre. Polo tanto, está no seu dereito de pedir este pleno e que se dean as explicacións. Repite, está no seu dereito e o está a exercer, pero os pallasos están no circo.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, quere manifestarlle ao señor Rivas que sempre quere interpretar as cuestións como a el lle vén ben. Di que cando el define o termo pallasada cre que le deu vinte explicacións de como el entende o termo pallasada. Pallasada é todo aquel acto que se fai na acción política que non ten que ver realmente co acto político, senón que é un tema marxinal. Déulle vinte explicacións e o señor Rivas está entre unha delas, non el como persoa física que di que non lle interesa a súa vida, di que lle interesa a súa vida dende a opción política, e o tema de que publique no periódico nunha soa páxina sexa un problema dos periodistas ou un problema del que o animou a iso, é unha pallasada baixo o punto de vista que el entende como pallasada. É o único termo e dille ao señor Rivas que se se sente ofendido é un problema del, de mala interpretación. O que intentou dicir é que no mundo da política todos os días se fan pallasadas, e que non pode ter o mesmo carácter o control dunha pallasada que de meter a man como dicía o señor Carballada, que é moi distinto. É moi distinto o tema da pallasada co tema de realizar un contrato, ter o proxecto aquí antes de facer o contrato. Pregúntalle se lle entende por onde vai. Esas son as explicacións que a el lle gustaría que todos os grupos solicitaran, como hoxe solicitou ACdeC o do Brincadeira, que di que si que hai que discutilo aquí, porque son os temas importantes.

Continúa a dicir que como é posible que un proxecto se presente no rexistro de entrada do concello sen ter obtido o contrato suficiente. Iso si que non é unha pallasada. É un tema político, un feito importante na política municipal, porque é unha forma de actuar en política. Iso é o que está reclamando. Iso é o que está reclamando á concelleira de Ciudadanos, que non lle entendeu. Dixo a concelleira de Ciudadanos que votara a prol, el non lle está a dicir iso. O que lle está a dicir é que ela pida explicacións ao grupo Popular e a estes tres concelleiros, que el tamén llas pediu xa, de porque votaron no ano 2006 a prol do trazado da Vía Ártabra no concello de Cambre, e porque no ano 2017, sen dar ningunha

explicación, din que non e din o contrario. Porque hai uns feitos intermedios que resulta que hai un señor que está vinculado e é o xefe da oposición ou o xefe dese partido e que ten afeccións e non se deu unha explicación.

Di que esas son as explicacións que cre que se deben dar, non as pallasadas; non en termo despectivo, volve a repetilo, senón as pallasadas no termo que se definiron aquí. Cre que o Concello de Cambre non debe de perder o tempo neste tipo de cuestións. Cre que o Concello de Cambre debe perder o tempo noutro tipo de cuestións, porque así se fixo e porque ademais se lle reclamou a outro concelleiro que está aquí presente, no seu momento e o grupo Popular menoscabou sobre iso e cargaron a man nese tema. Di que cre que o concelleiro o merecía, pero tamén se merece que se faga esa opción sobre o Partido Popular e se lle pregunte porque o campo do Brexo Lema no seu momento se levou primeiro o proxecto por rexistro de entrada e despois se contratou, que se dean esas explicacións. Eses son os temas que cre que se deben falar aquí e é o que lle interesa a Cambre.

Concedida a palabra a dona Maria Olga Santos López, voceira de ACdeC-SON, manifesta, por alusións, que quere que quede constancia en relación co comentario da concelleira de Ciudadanos, que nin ela nin o seu grupo a insultan, xamais na vida insultaron á concelleira de Ciudadanos, nin a ela nin a ninguén de Ciudadanos. Unicamente di que se o señor alcalde a partir de agora ten que ter un filtro para os correos que se envíen dende a concellería de Cultura, que lle preste o filtro a Ciudadanos para as mocións que presentan, porque como sempre teñen erros e lles fan perder o tempo aquí con incorreccións, pois que tamén lle pasen o filtro aproveitando sinerxias.

Manifesta, tamén, que en relación co vídeo de desculpas que a concelleira de Ciudadanos intentou que non chegara a máis a cousa, di que o intentou, pero saíulle un pouco mal, porque soamente ten sete me gustas.

O señor alcalde expón en relación co punto número 2 que era a comparecencia do señor alcalde, que parece que se volve outra vez ao punto número 1 e a non sabe cal, que cre que se perdeu con estas discusións, di que o señor Abalo dicía que non sabe porque, por iso lle deu as explicacións. Di que non entende, non pretende que o Partido Popular o comparta, soamente pretende que o entendan, como fai o seu goberno as cousas. Tamén é verdade que entende que non lles guste como o goberno fai as cousas, é normal. É o xogo democrático. Por suposto, eles teñen dereito a solicitar un pleno extraordinario. Di que o pediron e aquí o teñen. Nin máis nin menos.

Continua a expoñer e se pregunta que se publicou na prensa internacional. Di que si. Non sabe en cantos medios internacionais poden ter hoxe aquí. Un ou ningún, probablemente. É verdade que foi unha broma de mal gusto, repite, e é reprochable e así se fixo dende a Xunta de Goberno Local e se acaba de facer agora hai uns momentos e, polo tanto, tivo a repercusión que tivo e baixo o seu punto de vista se queda nunha reprobación.

Expón que a súa misión é gobernar, por suposto. É o que intenta facer. O que non intenta é gobernar como lle gustaría ao Partido Popular que gobernara. Goberna como cre que debe gobernar o tripartito que hai no goberno neste momento. Alude a que o Partido Popular di que o alcalde se pode equivocar. Onde está o grao de equivocación. Un é distinto doutro. Seguramente, si. O listón é distinto, seguro que si, sobre todo, co Partido Popular. O listón vai a ser sempre distinto, e non fala do Partido Popular en Cambre, senón do Partido Popular que estes concelleiros representan tamén en Cambre. Ese listón sempre vai a ser distinto, porque cando non lle gusta as regras do xogo, as cambian; cando non lle gusta un xuíz, o cambian; cando non lle gusta un fiscal, o cambia, o aparta, esas son as regras de xogo do Partido Popular, non son as súas. Polo tanto, o listón xamais vai poder ser igual.

En relación coa intervención de dona Maria José Garcia Hidalgo, voceira de Ciudadanos, manifesta que que ela di que Unión por Cambre son cinco concelleiros e ela é unha, o señor alcalde dille que ni que Unión por Cambre tivera a culpa disto, foron os cidadáns de Cambre os que os puxeron aquí, cinco concelleiros de Unión por Cambre e un de Ciudadanos. Que se mire ela tamén o embigo nese caso. Non é por ciencia infusa que ao seu grupo lle regalaran cinco concelleiros e ao grupo de Ciudadanos un, por algo será, algún traballo deberon facer ben para ter os cinco concelleiros.

Dille a dona Maria José Garcia Hidalgo que el non ten que tragar con don Daniel Carballada nin co o BNG. Iso xa o demostrou hai unha boa temporada. Di que non vai a tragar con calquera cousa. Simplemente, traga con aquilo que entende que é a lóxica, o sentido común de todo isto. Dille se cre que é normal que por unha acción como a que se fai, ela apoia ao Partido Popular, con toda a que lle está a caer, para pedir a dimisión do alcalde e do concelleiro. Dille que ela cre que é normal, porque o acaba de pedir. El cre que non é normal e non é de sentido común. Esas son as diferenzas que teñen entre os partidos, non van a pensar todos igual.

O señor alcalde le a continuación o título do punto seguinte e chama a orde e di que dá este tema por rematado. Chama a atención a don Juan Abalo, dille que é un experto en leis, que faga coas leis o que teña que facer. Se cre que o alcalde está a infrinxir algunha lei que vaia ao xulgado e que o denuncie e maniféstalle que non ten a palabra.

3. Petición formal de dimisións do alcalde e concelleiro responsable

Concedida a palabra a don Manuel Rivas, voceiro do Partido Popular, manifesta que como o señor Leirós no punto 2 fala do que quere, el no punto 3 tamén vai falar do que quere, se lle parece ao señor alcalde.

O señor alcalde chama a orde e rógalle que se ciña aos puntos.

Continúa don Manuel Rivas e di que se se ciñen aos asuntos, que lle diga a que vén o campo dos Pinares, o proxecto dos Pinares, a afección da Vía Ártabra no punto 2 deste pleno, e o señor alcalde non o interrompeu. Vaille dicir o señor Leirós, que o señor Rivas, representante do Partido Popular en Cambre, cambiou o trazado da Vía Ártabra porque ten 600 m². afectados nun terreo, porque o señor Leirós acusoulle de ter cambiado o proxecto porque ten 600 m². de terreo afectados nunha posible prolongación da Vía Ártabra. A que vén isto nas explicacións do señor alcalde neste pleno. É que o señor Leirós dixo de todo, e o señor alcalde non o reprimiu. Di que el tamén vai facer exactamente igual.

O señor alcalde interrómpeo e dille que o está xa a facer e que remate e fale do punto número 3.

Don Manuel Rivas Caridad pregúntalle ao señor alcalde cantos minutos ten.

O señor alcalde contéstalle que cinco minutos.

Don Manuel Rivas Caridad expón que empregará os seus cinco minutos e dille que non se poña nervioso.

Continúa a dicir que o señor Leirós, e mesmo o alcalde, acusan ao Partido Popular de por e quitar fiscais, xuíces e non sabe cantas cousas máis. Di que o grupo de Unión por Cambre o denunciou a el no xulgado, culpándoo de malversación de fondos públicos. Di que se el tivera a potestade de cambiar o fiscal e a xuíza, o señor alcalde cre que o señor Rivas estaría investigado no xulgado. Di que Unión por Cambre fai aseveracións ao aire. Di se realmente o cren así.

Dille ao señor Leiros que non sobre, que non faga espaventos. Di que o señor Leirós manda calar a todo o público pero que fai todos os espaventos que ten que facer cando falan os demais, todo o habido e por haber.

Manifesta que naturalmente, no punto 3 solicita a petición formal de dimisión do alcalde e do concelleiro responsable. Pregúntase por que a pide. Porque xa recoñeceu que o concelleiro responsable meteu a pata ata a cadeira. E non lle acusa de meter a man, como fai el, non tira a pedra e lle acusa de meter a man, nin sequera, a membros do seu partido que foron encausados por meter a man. Pero isto non é o caso. O caso é a petición formal de dimisión. Di que o seu grupo o pon como punto número 3 porque cre que é o seu deber, dado que non se deron explicacións. Porque o nome de Cambre é o máis importante. Os concelleiros que están aquí, están de paso. O concelleiro esborránchao. O concelleiro encheuno de porcallada. E o que é peor, o goberno admite as desculpas, e que continue no seu cargo. Nin sequera se formulou o seu cesamento. Nin poñer o seu cargo a disposición da corporación municipal. Por isto, pide a dimisión, non por outra cousa.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, maniféstalle ao señor Rivas as distintas visións que se teñen dun mesmo problema.

O señor alcalde rógolle ao señor Leiros que se ciña ao punto número 3.

Don Juan González Leirós comenta as distintas visións que se teñen dun mesmo problema. Dille ao señor Rivas se sabe porque falou do campo dos Pinares. Porque cre que iso esborranha máis a acción municipal. Sabe porque falou do Brincadeira. Porque cre que iso esborranha máis a vida municipal que o tema do señor Carballada. Sabe porque falou de todos estes temas da Vía Ártabra. Porque cre que iso esborranha máis. Ninguén lle dixo ao señor Rivas que el cambiara a Vía Ártabra. Di que lle quede claro. Dille que non se sinta culpable de todo o que pasa neste concello. Ninguén llo disputa. Soamente se di que hai dúbidas e que o señor Rivas as ten que xustificar. Ninguén o xulga.

Dille ao señor Rivas que el ten unha cuestión moi clara, a diferenza del. Sabe perfectamente que non é xuíz. Sabe cal é o seu papel. Non esborranha a vida administrativa dos funcionarios, e non lle está a culpar de nada. Que non se sinta culpable. Repite, non esborranha a vida dos funcionarios, entremeténdose na súa vida administrativa, fai a súa política. Non quere que eles se entremetan na súa e non se entremeten na vida dos xuíces. Está a falar do tema da dimisión do alcalde e do concelleiro.

A exposición que fixo antes é precisamente para o mesmo. Cre que se está a sacar esta cuestión do seu punto. Chamoulle pallasada como podía ter posto outro termo. Cre que non é igual, como dicía o señor Carballada, meter a man que un tema deste tipo. Di que os temas deste tipo se realizan acotío na vida política, repite, acotío, e mesmo, non se fan acotío, senón que se fan provocativamente e deu os exemplos da señora Aguirre como exemplo vivo dunha política de acción de pallasadas. Esa é a cuestión. Iso non tivo ningunha repercusión porque non debe de ter ningunha repercusión e o nome de Cambre para el non quedou en absoluto afectado. Polo tanto, entende que non se debe de chegar nin a votación deste asunto. Di que se votará, por suposto, porque está no seu dereito, pero non se debería de chegar a votar se hai a dimisión do alcalde e do concelleiro.

Concedida a palabra a dona Maria José García Hidalgo, voceira de Ciudadanos, manifesta que o seu grupo solicita a dimisión porque, como dixo antes, estes actos son repetitivos e teñen que recoñecer que a vara de medir ao xulgar as actuacións duns e doutros non é igual.

Dicía na súa primeira intervención que o señor Carballada primeiro magoa e despois pide perdón. Ocorreu moitísimas veces. Ocorreu cando entrou no goberno e empapelou todo Cambre, despois cando o Partido Popular lle recriminou esa actitude por ser contrario a unha ordenanza, o señor Carballada o

que fixo foi pedir desculpas. Iso é o que fai sempre, pero di que o mal xa está feito, a mensaxe está lanzada e o señor alcalde non actuou como debería de actuar nin coa seriedade que actuaría noutros casos. Como está a dicir, isto é repetitivo, se mezclaron moitos temas que non teñen que ver co asunto que se está a tratar. Mencionase a persoas que tampouco teñen nada que ver co asunto que se está a tratar, e se amparan noutras cousas para atacar ao seu grupo.

Manifesta que ela non se alia co Partido Popular, nin Ciudadanos se alia co Partido Popular para nada. Quere pedir a dimisión deste señor e, consecuentemente, pide a do señor alcalde por non ter cesado a este señor. Isto é un dereito que ten como membro desta corporación, e como partido que está nesta corporación.

Di que os concelleiros do Partido Popular o apoian tamén, hai quen o apoia hai quen non, cada un ten a súa visión das cousas. O seu grupo cre que non é por este acto en concreto, ten razón, é unha broma, non hai porque quitala de contexto; pero é que é unha vez, outra vez, outra vez. Dille que nalgún momento o señor alcalde se terá que poñer serio.

O señor alcalde lembra, antes da votación, que por suposto o tema da dimisión é un acto persoal; aínda que se aprobara por maioría, ninguén ten porque dimitir, senón que é persoalmente quen o ten que facer e aceptar.

De todos os xeitos, quere puntualizarlle ao señor Rivas un tema nada máis, non é entrar en polémica. Unión por Cambre non lle meteu no xulgado a el. Lébralle que se presentou unha moción de Unión por Cambre aprobada por maioría no pleno na lexislatura pasada que lle obrigou ao señor Rivas, que estaba a gobernar, a presentar todo o expediente do Brincadeira na Fiscalía, e foi o fiscal, vendo indicios, quen o remitiu ao xulgado, non foi Unión por Cambre. Isto foi así.

Interrómpeo o señor Rivas e dille que o aclare.

O señor alcalde dille que xa o está aclarando. Pregúntalle se é verdade que Unión por Cambre presentou unha moción, que foi aprobada, que o Partido Popular puxo toda a documentación a disposición do fiscal e que o fiscal o remitiu ao xulgado.

Don Manuel Rivas contéstalle que non.

O señor alcalde dille que quizais sexa un erro seu.

Don Manuel Rivas expón que en todos os escritos aparece o denunciante, e pon Unión por Cambre, en todos os escritos do Xulgado número 8, en todos.

O señor alcalde manifesta que segue a investigación.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo); votan en contra os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández); abstéñense dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.



A Corporación, por once votos en contra, rexeitou a petición de dimisión do señor alcalde don Óscar A. García Patiño e do concelleiro don Daniel Carballada Rodríguez.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia